

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/10	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	11 de marzo de 2019
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:45 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día





A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 18 de febreiro de 2019

Favorable

Tipo de votación: Nominal

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO  
LOURDES RIAL PARDO  
MARIANO ABALO COSTA  
MERCEDES GIRALDEZ SANTOS  
TANIA CASTRO PAREDES  
XOÁN CHILLÓN IGLESIAS  
ÁNGELA VIZOSO MARCOS

En contra

---

Abstencións

XOSE MANUEL PAZOS VARELA

Ausentes

---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar por maioría dos seus membros presentes a sesión realizada en data 18 de febreiro de 2019.

Expediente 6058/2018. A) Aprobación do plan de ocupación con servizos de tempada en dominio público marítimo-terrestre no verán 2019. B) Solicitudes de ocupación en terreos privados de zona marítimo-terrestre no verán 2019

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 1388/2019. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de J. M. P. C. E., na que demanda sinalización de reservado para farmacia, sita na Avda. Vincenti, nº X". A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido en data 06.03.2019 pola Policía Local, que di o seguinte:

"A Xefatura da Policía Local de Cangas con relación á solicitude de J. M. P. C. E., infórmase que como noutras farmacias do casco urbano se concederon espazos reservados para o servizo de farmacias e clientes, por parte desta Policía non se observa inconvinte





en acceder ao solicitado, procedendo a sinalizar dúas (2) prazas máximo 15 minutos."

Expediente 894/2019. Solicitud de sinalización horizontal

Desfavorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por E. F. C., na que demanda sinalización horizontal con pintado de liña amarela na Avda. de Lugo, nº X-Coiro, por ter sido borrado co asfaltado de dita zona.

A Xunta de Goberno local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o informe emitido en data 12.02.2019 pola Policía Local, que é como segue:

"Que en relación á instancia de data 11.02.2019 (registro entrada nº 1.565) de E. F. C. onde solicita o pintado do vado na Avda. de Lugo, nº X, por ter sido borrado co asfaltado de dita rúa.

Que os axentes actuantes fan constar que personados no lugar o día 12.02.2019, ás 17:00 horas, comprobamos que na entrada do garaxe do interesado existe recentemente un pintado en zig zag amarelo.

Que o citado garaxe carece de sinal de pasaxe permanente e o usuario accede a este a través da beirarrúa.

Que segundo se puido pescudar, o propietario do garaxe ten, desde hai aproximadamente máis de 5 anos, unha reserva en amarelo para a entrada do seu garaxe sen que lle conste concedido ningún pasaxe permanente.

Que é parecer dos axentes que non procede o pintado de zig zag en amarelo, xa que este pintado está destinado para zonas de carga e descarga ou asemellados.

Que si procedería ao pintado dunha liña lonxitudinal continua ao bordo amarelo para dar acceso ao garaxe, sempre que lle sexa previamente concedida o sinal de pasaxe permanente correspondente.

Así mesmo, faise saber que nos últimos anos veñen a disfrutar dunha privación de solo público, cun pintado de amarelo, do cal facía uso para acceso ao seu garaxe sen ter concedido ningún tipo de sinal de pasaxe permanente.

O que facemos constar para os efectos que procedan".

SEGUNDO.- Que polo departamento de inspección de taxas se proceda a realizar as comprobacións correspondentes para a tramitación das liquidacións que proceda, segundo o informe emitido ao respecto pola policía local.





Expediente 1212/2019. Solicitud de sinalización horizontal

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M. J. F. P., na que demanda sinalización horizontal e concesión de sinal de pasaxe permanente en rúa Toxeira, nº X-San Pedro-Darbo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido ao respecto en data 05.03.2019 pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión de instalación de sinal de pasaxe permanente para a entrada e saída de vehículos no lugar de rúa Toxeira, nº X-San Pedro-Darbo, así como, o pintado de liña amarela fronte á referida entrada.

Expediente 1360/2019. Solicitud de sinalización horizontal

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de R. S. G., na que demanda sinalización para garantir a entrada á súa propiedade porque non respetan os sinais de pasaxe permanente nº 1080 e nº 1081 que ten instalados na entrada do seu negocio.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe emitido en 06.03.2019 pola Policía Local, que é como segue:

"Que vistos os problemas que se están a dar en rúa O Freixo, nº X, no domicilio do solicitante o cal ten un negocio na citada rúa con dúas sinais de pasaxe permanente aos cales non pode acceder por encontrarse vehículos estacionados diante dos ditos pasaxes.

Este departamento propón marcar os estacionamentos, así como, o carril de circulación con sinalización horizontal delimitando estes (liñas brancas continuas), para así facilitar a entrada e saída de vehículos de ditos sinais de pasaxes permanentes".

Expediente 5953/2017. Revogación de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de Alcaldía de data 22.02.2019, que é como segue:

"Visto o informe da xefatura de policía nº 1117/2018, dentro do expediente nº 4122/2018, no que se propón a retirada do sinal de pasaxe permanente nº 1029 sito na Avda. de Ourense, nº X-Coiro, do que é titular, M. A. F. M., por non execución do rebaixe da beirarrúa propoñendo a revogación da devandita pasaxe.





En data 28 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local adoptou acordo de incoación de expediente de revogación dando un prazo de dez días a M. A. F. M., para que formulase alegacións. O acordo foi notificado o 18 de setembro de 2018 sen que o interesado presentase escrito ningún.

A vista do exposto propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Revogar o sinal de pasaxe permanente nº 1029, sito na Avenida de Ourense, nº X-interior-Coiro, do que é titular M. A. F. M.

Segundo.- Notificar o devandito acordo o interesado cos recursos pertinentes".

Expediente 1358/2019. Solicitude de sinalización

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de S. G. S., na que demanda sinalización vertical coa instalación de pivotes na zona da entrada do garaxe do edificio "Los Leones" (rúa Barbate, nº X), con acceso do garaxe pola Avda. de Bueu.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido pola Policía Local en data 06.03.2019, acorda dar traslado da solicitude do Sr. G. S. á Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de Pontevedra, por ser esta estrada titularidade do referido organismo provincial.

Expediente 5303/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 572/2019. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 5168/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5168/2018.- Outorgar a J. S. I., con enderezo en rúa Enseñanza, nº X-Darbo, licenza de obra para no referido lugar, reformar a cuberta e aproveitamento baixo cuberta da vivenda existente (referencia catastral X) de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto D. V. F., con data de visado o 16 de outubro de 2018. Deberá cumprir co





sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material de obras ascende a trinta e cinco mil cincocentos noventa e seis euros con sesenta e un céntimos (35.596,61 €).

Expediente 3615/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3615/2018.- Outorgar a A. M. R. R., con enderezo en rúa Prado das Barxas, nº X-Moaña, licenza de obras, para no lugar de Erbello-Aldán (referencia catastral X), construír unha piscina de 32,00 m<sup>2</sup>., e muro de contención de 20,15 m<sup>2</sup>., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico J. P.Y., de data xullo de 2018 e cumprir co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a seis mil oitocentos once euros con dez céntimos (6.811,10 €).

Acéptase a cesión de 60,30 m<sup>2</sup>., formalizada en escritura pública de cesión de data 11.02.2019, perante a notaría T. C. P., nº 113 do seu protocolo e fianza depositada para responder das obras de urbanización no "Banco Pastor", por importe de trescentos seis euros con sesenta céntimos (306,60 €).

Expediente 448/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 448/2019.- Outorgar a C. Á. L., con enderezo en rúa Torrecedeira, nº X-Vigo, licenza de obras para no camiño de San Pére, nº X-Cunchido-Darbo (referencia catastral X), construír unha piscina, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto F. B. P., de data xaneiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a seis mil setecentos noventa euros (6.790,00 €).

Expediente 4849/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.





Expediente 2675/2018. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2675/2018.- Outorgar a D. G. E. J. F., con enderezo en rúa Monasterio de Caaveiro, nº X- A Coruña, licenza de obra para no lugar de rúa Carril, nº X-Donón-O Hío (referencia catastral X), regulado pola ordenanza de aplicación de solo non urbanizable protexido (14), ampliación de vivenda turística, piscina e urbanización, de conformidade co proxecto de execución elaborado pola arquitecta M. G. M., de data 7 de maio de 2018 e coas condicións imposta pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (POL), de data 14 de novembro de 2018 e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio Conservación da Natureza, de data 4 de outubro de 2018. Deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a vintedous mil douscentos oitenta e catro euros con cincuenta e un céntimos (22.284,51 €).</p>	

Expediente 388/2019. Prórroga de licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 388/2019.- EXPEDIENTE Nº 25.400.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.625.- Conceder a M. A. JO., a prórroga da licenza nº 24.625, por un período de trinta e seis meses, de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 05.03.2019 obrante no expediente.</p>	

Expediente 199/2018. Modificación de licenza urbanística									
Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 7, En contra: 1, Abstencións: 0, Ausentes: 0								
	<table border="1"> <tr> <td>A favor</td> <td>JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO LOURDES RIAL PARDO MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TANIA CASTRO PAREDES XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS ÁNGELA VIZOSO MARCOS</td> </tr> <tr> <td>En contra</td> <td>MARIANO ABALO COSTA</td> </tr> <tr> <td>Abstencións</td> <td>---</td> </tr> <tr> <td>Ausentes</td> <td>---</td> </tr> </table>	A favor	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO LOURDES RIAL PARDO MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TANIA CASTRO PAREDES XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS ÁNGELA VIZOSO MARCOS	En contra	MARIANO ABALO COSTA	Abstencións	---	Ausentes	---
A favor	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO LOURDES RIAL PARDO MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TANIA CASTRO PAREDES XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS ÁNGELA VIZOSO MARCOS								
En contra	MARIANO ABALO COSTA								
Abstencións	---								
Ausentes	---								





EXPEDIENTE Nº 199/2018.- Autorizar a modificación da licenza de obras outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de outubro de 2018 (licenza nº 21.803) a "PROCOMPOS SL", no senso de corrixir as superficies totais construídas, de conformidade coa modificación da memoria visada o 23.01.2019 e planos 3, 4, 5, 6, 7 e 8, elaborados polo arquitecto J. D. I., que implican unha redución da superficie total autorizada.

Expediente 711/2018. Modificación de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 711/2018.- Autorizar as modificacións da licenza de obras outorgada na Xunta de Goberno Local de data 28 de agosto de 2018 a J. B. R. e M. A. C. L., de conformidade cos planos visados de data 13 de febreiro de 2019, elaborados por "UN+UN ARQUITECTOS CB".

Expediente 4654/2018. Licenza urbanística de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4654/2018.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 25.346.- LICENZA Nº 24.213.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a "CACHOPIDO SL", con enderezo en Donón, nº X-O Hío, para unha edificación para turismo rural sito no lugar de O Norte- Donón-O Hío (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.213 e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 20.02.2019, de conformidade cos planos de estado final de obra visados o 04.07.2018 e o informe favorable da xefa do servizo de urbanismo de data 28.02.2019.

Expediente 90/2019. Licenza urbanística de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 90/2019.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 24.855.- LICENZA Nº 23.839.- Outorgar licenza de primeira ocupación a J.M. V. P., con enderezo na Avda. García Barbón, nº X-Vigo, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar da Pedreira-Coiro (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.839, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal de data 22 de xaneiro de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 28 de febreiro de 2019.

Así mesmo, apróbese a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.







Expediente 6312/2018. Licenza de parcelación urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6312/2018.- Autorizar a parcelación solicitada por "PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 SL", titular do CIF nº X, para parcelar un predio inicial de 1320,80 m<sup>2</sup>., sita en Ourelo, X-A Madalena-Darbo (referencia catastral X), en catro parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico R.S. C., de data decembro de 2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 44,80 m<sup>2</sup>., de cesión para ampliación do vieiro; a parcela 2 de 572,15 m<sup>2</sup>.; a parcela 3 de 47,65 m<sup>2</sup>., de cesión para ampliación do vieiro; e a parcela 4 de 656,20 m<sup>2</sup>.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga de cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 92,45 m<sup>2</sup>. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos.

Expediente 1195/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1195/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. M. I., para consolidación e cambio material de cuberta nunha superficie de 88,00 m<sup>2</sup>., dunha edificación sita no Espírito Santo, nº X-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada pola arquitecta técnica M. G. B., de data febreiro 2019. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil seiscentos doce euros con corenta céntimos (5.612,40 €).

Expediente 1218/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1218/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. S. V., para a construción de un cerramento entre lindeiros no lugar de Calumbra, nº X-Nerga O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a catrocentos corenta euros con corenta e catro céntimos (440,44 €).

Expediente 1723/2018. Comunicación previa en materia urbanística





Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 1723/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "MIROSLAVA ESPAÑA SL", titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Ponte Dena, nº X-Meaño, para acondicionamento interior de local sito na Avda.EugenioSequeiros,nºX -Cangas(referencia catastral X) vista a documentación que obra no expediente de data abril de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPR1 e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a seis mil trescentos trinta euros (6.330,00 €).	

Expediente 441/2019. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 441/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. G. L., para reparación de cuberta de vivenda sita nas Barreiras, nº X-Vilanova-O Hío (referencia catastral X), nunha superficie de 88,00 m2., de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico S.G.F., de data xaneiro 2019. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil douscentos oitenta euros (5.280,00 €).	

Expediente 387/2019. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 387/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "O TXOKO ESPJ", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Camiño Vello, nº X -Aldán, para reforma de baño en bar sito no referido lugar (referencia catastral X) de conformidade coa documentación que obra no expediente de data xaneiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a setecentos corenta e cinco euros con vintecatro céntimos (745,24 €).	

Expediente 867/2019. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 867/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. P. P., para reparación de cuarto de baño e cociña no primeiro andar da edificación sita en rúa Real, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil seiscentos sesenta e oito euros con cincuenta e dous céntimos (2.668,52 €).	





Expediente 464/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 464/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. A. M., para reparación interior da edificación sita en Toxeira, nº X-San Pedro-Darbo (referencia catastral X), nunha superficie de 19,55 m2., de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto Javier Rial Lemos de data xaneiro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a mil douscentos vinte e seis euros con noventa e catro céntimos (1.226,94 €).

Expediente 414/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 414/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. S. M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Anduriña, nº X-Vigo, para substitución de carpintería exterior e reparacións interiores en planta baixa de vivenda sita en rúa do Torreiro, nºX-Santa Marta-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto D. V. F. de data xaneiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a cinco mil oito euros con noventa e sete céntimos (5.008,97 €).

Expediente 603/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 603/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. F. R., para conservación de vivenda e galpón sitios na Pedreira-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R. R.F., de data 25 de setembro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil cento cincuenta e nove euros con trinta e un céntimos (6.159,31 €).

Expediente 6174/2018. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6174/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "SALÓN ATELIER CANGAS SLL", con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Méndez Núñez, nº X-Cangas, titular do CIF nº X, para actividade de perruquería e estética no local sito na Avda. Méndez Núñez, nº X-Cangas (referencia catastral X) segundo o informe favorable da arquitecta de data 26.02.2019.





Expediente 493/2019. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 493/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "MARIDAXE CANGAS ESPJ", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Praza do Eirado do Costal, nº X-Cangas, para actividade de bar-tapería no local sito no Eirado do Costal, nº X (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta de data 26.02.2019.

Expediente 602/2019. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 602/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SA", con enderezo a efectos de notificacións en rúa da Cerca, nº X-A Coruña, titular do CIF nº X, para actividade de estación base de telefonía móbil no Lugar de Fenteiras, polígono 13, parcela X (referencia catastral X), segundo informe favorable do arquitecto de data 5 de marzo de 2019.

Expediente 1068/2019. Comunicación previa de cambio de titularidade de actividade

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1068/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. Á. S. F., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Galicia, nº X-Cangas, titular do DNI nº X, para cambio de titularidade de perruquería sita en Rúa Nova, nº X-Cangas (referencia catastral X), que ata agora rexentaba M. F. P., visto o informe favorable da arquitecta obrante no expediente de data 27 de febreiro de 2019.

Expediente 2436/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 28.02.2019 da instrutora do expediente, referente a expediente nº 2436/2018 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:





"Con data 13 de febreiro 2018, E. P. B. con NIF nº X, en representación de "ROGELIO IGLESIAS E HIJOS SA", solicita a redución do 50% da sanción que lle corresponde aboar pola realización de obras sen axustarse á legalidade urbanística, para proceder ao seu pagamento no período voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro do 2018 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.

Visto o xustificante de pagamento de data 20 de febreiro do 2019, de en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 2436/2018, de conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a "ROGELIO IGLESIAS E HIJOS SA", por ter realizado no lugar de Rozabales-Aldán, as obras de instalación de un decantador de grasas."

Expediente 2099/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 21.02.2019, referente a expediente nº 2099/2018-S, de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Nerga-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar cerramentos frontais e a lindeiros.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, O. F. P., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, a infractora amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.





Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a O. F. P. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar cerramentos frontais e a lindeiros, sen licenza para iso, no lugar de Nerga-O Hío.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesma a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución á interesada, indicándolle que disporá dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente á súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo á interesada de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 2676/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 26.02.2019, referente a expediente nº 2676/2018-S, de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:





"Resultando que no lugar de Pinténs-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: instalación de un poste de formigón para acometida aérea de subministración eléctrica.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: M. A. J., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indícase ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/2016 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Incoar expediente sancionador a M. A. J. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar instalación de un poste de formigón para acometida aérea de subministración eléctrica, no lugar de Pinténs-O Hío, sen licenza para iso.

**SEGUNDO.-** Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

**TERCEIRO.-** O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

**CUARTO.-** Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, ten dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por repoñer por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

**QUINTO.-** Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos







interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente á súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 5706/2017. Devolución de aval de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de oitocentos corenta e oitos euros con vinte e tres céntimos (848,23 €), depositado por M. V. H., no expediente nº 24.244, licenza de obra nº 23.236.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 3427/2017. Devolución de aval de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval por importe de trescentos euros (300,00 €), depositado pola empresa "LITEYCA", con CIF nº X, no expediente de obras nº 3427/2017.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

Expediente 101/2017. Proposta da Alcaldía para cumprimento da peza de execución nº 21/09 C (PO 93/2005)

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía de data 25.02.2019, referente á peza de execución nº 21/09C, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, dimanante do PO Nº 93/2005, que é como segue:







"Vista a Resolución de Alcaldía de data 7 de febreiro de 2019, pola que se requiría a 'MULTISERVICIOS CONTUCHO SL', informe sobre se estaba en condicións de manter a oferta presentada para a demolición de planta de fabricación de formigón fresco e nave de almacén sita no lugar de San Cosme-A Portela, logo de tempo transcorrido, concedendo un prazo de TRES DÍAS HÁBILES.

Visto que no prazo concedido para o efecto non se ratificou na oferta presentada e que, como se indicaba na resolución de non presentar confirmación da oferta presentada nese prazo entenderase desistido desta.

Visto que a sentenza de data 5 de febreiro de 2007, nos PO acumulados nº 93/2005 e nº 126/2005, confirmada polo TSX de Galicia en data 12.02.2009, declarou a nulidade da licenza provisional de obras nº 20.102 (expediente nº 20.329) para construción dunha planta de formigón e da licenza de actividade nº 857, outorgada a 'PREFABRICADOS LUIS BARROS', para desenvolver nesa nave, conlevando a demolición da edificación e o cesamento da actividade autorizada pola licenza anulada.

Resultando que, na providencia remitida en data 8 de febreiro de 2019 polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, se nos concede un prazo de dous meses para concluír totalmente o desmantelamento/derrubamento das instalacións da planta de formigón sita no lugar de San Cosme-A Portela, procederá ao inicio dun novo expediente de contratación.

Resultando que a redación do proxecto de demolición se encomendou aos servizos técnicos municipais no seu día, este actualizouse con data febreiro de 2019. De acordo co ata aquí exposto esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Primeiro.- Ter por desistido a 'MULTISERVICIOS CONTUCHO SL', da oferta formulada para o contrato de obras de demolición de planta de fabricación de formigón fresco e nave de almacén por procedemento negociado sen publicidade e declarar o arquivo do procedemento logo do tempo transcorrido desde o seu inicio.

Segundo.- Que polo servizo de contratación se proceda, en cumprimento da sentenza de data 5 de febreiro de 2007, ditada nos PO acumulados nº 93/2005 e nº 126/2005, confirmada polo TSX de Galicia en data 12.02.2009, ao inicio do expediente de contratación para a demolición da planta de fabricación de formigón fresco e nave de almacén sita en San Cosme-A Portela-Cangas, con base no proxecto de demolición elaborado polos servizos técnicos municipais de data febreiro de 2019. O presuposto xeral desta ascende a cincuenta e dous mil douscentos seis euros (52.206,00 €).

Terceiro.- Aprobar o proxecto modificado de 'DEMOLICIÓN DE PLANTA DE FABRICACIÓN DE FORMIGÓN FRESCO E NAVE DE ALMACÉN', redactado polo arquitecto municipal A. L. P., en data febreiro de 2019, cuxo orzamento ascende a cincuenta e dous mil douscentos seis euros (52.206,00 €) (IVE incluído).

Cuarto.- Autorizar, pola contía de cincuenta e dous mil douscentos seis euros (52.206,00 €) o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á correspondente partida do estado de gastos do orzamento municipal deste concello.





Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos de intervención, contratación e urbanismo e aos servizos xurídicos para os efectos de solicitar unha ampliación do prazo conferido para executar a sentenza".

Expediente 1198/2019. Concesión de servizo de xantar na casa

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de resolución de data 27.02.2019 do xefe do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a concesión do servizo de xantar na casa, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónse a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE A L.L.O., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/001046, o programa de xantar na casa, por reunir os requisitos establecidos para o acceso a este, cun custo para o Concello (prezo do menú de 1,67 euros ao día).

Data prevista de alta no programa de xantar na casa: marzo de 2019."

Expediente 2415/2018. Variación de servizo xantar na casa

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de resolución de data 27.02.2019 do xefe do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a variación do servizo de xantar na casa, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En relación co programa de xantar na casa e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

\* Baixa no servizo xantar na casa de A.C.A., con DNI nº X."

Expediente 978/2019. Concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de resolución de





Concello de Cangas

data 27.02.2019 do xefe do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a concesión do servizo de xantar na casa, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E. G. G., xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

En relación coa solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

\* Concesión de axuda económica de cincocentos trinta euros (530,00 €) a M.J.J., con DNI nº X".

Expediente 1222/2019. Proposta de renovación de convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, e Ordenación universitaria para a xestión do servizo de comedor escolar nos centros de ensino público non universitario de Cangas (cursos 2019/2020 e 2020/2021)

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 27.02.2019 do concelleiro de ensino e deporte, referente ao inicio de tramitación de novo convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Cangas, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do Concello de Cangas para os cursos 2019-2020 e 2020-2021, que é como segue:

"ANTECEDENTES:

1º.- Durante os cursos 2012-2013, 2013-2014, 2014-2015, 2015-2016, 2016-2017, 2017-2018, e 2018-2019, o Concello de Cangas estableceu un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a xestión do servizo de comedor escolar nos centros de ensino público non universitario de Cangas, a saber: CEIP A RÚA, CEIP O HÍO, CEIP ESPÍNEIRA-ALDÁN, CEIP NAZARET CANGAS.

2º.- Recibiuse, con data do 11 de febreiro, escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no que se recaba o interese do Concello de Cangas para o inicio da tramitación dun novo convenio para os cursos 2019-2020 e 2020-2021, a confirmación dos centros educativos e os correspondentes usuarios previstos.

Por todo isto, elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

1º.- Iniciar o trámite diante da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para a sinatura dun novo convenio que teña vixencia os cursos escolares 2019-2020 e 2020-2021.

2º.- Confirmar que os centros educativos serían os seguintes: CEIP A Rúa, CEIP O Hío, CEIP

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Espiñeira-Aldán e CEIP Nazaret Cangas.

3º.- O número de usuarios/usuarias previstos para estes cursos sería de 180, os/as mesmos/mesmas que no periodo anterior.

4º.- Notificar o presente acordo aos/ás interesados/interesadas, así como á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional".

Expediente 1344/2019. Proposta de aprobación de convenio de colaboración do Concello de Cangas coa Federación Autismo de Galicia para proxecto de accesibilidade cognitiva nos centros educativos públicos de Cangas

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 05.03.2019 do concelleiro de ensino e deporte, referente a aprobación de convenio para accesibilidade cognitiva nos centros educativos públicos de Cangas, que é como segue:

"En conversas desde hai un ano coa entidade 'Federación Autismo Galicia', co fin de estudar e valorar o desenvolvemento dun proxecto de accesibilidade cognitiva nos centros educativos do Concello de Cangas–Pontevedra, o obxectivo é mellorar a accesibilidade cognitiva dos nomeados espazos educativos, tal como se plasma no documento de convenio anexo entre as dúas entidades.

Neste sentido, considera esta área educativa a importancia de executar o nomeado convenio antes de rematar o actual curso académico 2018-2019.

Polo que o traslada á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación".

Expediente 5844/2018. Proposta de renovación das licenzas municipais de venda ambulante-2019

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 28.02.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a prórroga das licenzas de venda ambulante-2019, que é como segue:

**"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2019**

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013), no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outogan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.





Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2018, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2019 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos procede adoptar o presente acordo, polo que se outorga a renovación para o presente ano 2019 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, propono a Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2019, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:

- Ref:9. R. P. P.
- Ref: 10. J. E. D.
- Ref: 29. L. G. L.
- Ref: 31. L. C. C.
- Ref: 41. F. J. V. A.
- Ref: 51. J. A. J. B.
- Ref: 79. O. P. P.
- Ref: 114. M. V. A.
- Ref: 139. E. D. S.

#### CAMBIOS DE TITULARIDADE

- Ref: 95. F. de A. J. F. – J.D. J. D.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados, xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

Expediente 1754/2018. Dación de conta de sinatura de convenio de adhesión da oficina de turismo "O Peirao" á rede de oficinas de turismo "INFO RÍAS BAIXAS".

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura, en data 29 de xuño de 2018, de convenio interadministrativo entre o Concello de Cangas e Deputación Provincial de





Pontevedra, para a adhesión da oficina de turismo do Concello de Cangas "O Peirao", á rede de oficinas de turismo "INFO RÍAS BAIXAS".

Expediente 281/2019. Dación de conta de sinatura de convenio entre o Concello de Cangas e a Deputación de Pontevedra para a adhesión da oficina de turismo "CASA DA BOLA" á rede de oficinas de turismo "Info Rías Baixas".

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura, en data 29 de xuño de 2018, de convenio interadministrativo entre o Concello de Cangas e Deputación Provincial de Pontevedra, para a adhesión da oficina de turismo do Concello de Cangas "CASA DA BOLA", á rede de oficinas de turismo "INFO RÍAS BAIXAS".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

EXPTE. 2246/2018.- Proposta de nomeamento para a dirección da obra "MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA VALENTÍN LOSADA" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 11.03.2019 da concelleira de obras e servizos, referente a nomeamento para a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Mellora de servizos e pavimentación da rúa Valentín Losada", que di:

"1º.- Vista a aprobación da Xunta de Goberno Local do proxecto 'Mellora de servizos e pavimentación da rúa Valentín Losada', presentado ao abeiro do Plan Concellos 2018-2019 da Deputación Provincial na Liña 1-Investmentos.

2º.- Vista a necesidade de nomear dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para a correcta execución dos traballos.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.-Nomear á arquitecta municipal, M. I. M. F., como directora da obra e coordinadora de seguridade e saúde do proxecto de 'Mellora de servizos e pavimentación da rúa Valentín Losada'".





Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de sinatura de convenio entre FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL e o Concello de Cangas para distribución e venda de entradas (ATAQUILLA)

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura, en data 9 de xaneiro de 2019, de convenio entre "FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL", e o Concello de Cangas, para a distribución e venda de entradas da programación de espectáculos, actividades recreativas ou artísticas e eventos culturais análogos do Concello de Cangas durante o ano 2019.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

